

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 12 de xuño de 2020 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a internacionalización dixital das empresas galegas (Galicia Exporta Dixital 2020), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG401D).*

Advertido un erro na resolución de referencia, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 119, do 18 de xuño de 2020, procede facer a seguinte corrección:

– Na páxina 24320, no punto 1 do artigo 5, Condicións dos conceptos subvencionables, onde di:

«1. Só se poderá presentar e aprobar unha solicitude por empresa, cun gasto subvencionable mínimo igual ou superior a 25.000 € e máximo de 125.000 € por empresa. De superar este máximo procederáse a axustar o gasto a este límite máximo. No caso do comercio retalista o gasto subvencionable mínimo debe ser igual ou superior a 15.000 € por empresa e máximo de 100.000 € por empresa. De superar este máximo procederáse a axustalo a este límite máximo. No caso de empresas do sector da produción agraria e da pesca o gasto subvencionable mínimo debe ser igual ou superior a 15.000 € e máximo de 37.500 € no caso de empresas do sector da produción agraria e 25.000 € no caso de empresas do sector da pesca.

(...),»

Debe dicir:

«1. Só se poderá presentar e aprobar unha solicitude por empresa, cun gasto subvencionable mínimo igual ou superior a 25.000 € e máximo de 125.000 € por empresa. De superar este máximo procederáse a axustar o gasto a este límite máximo. No caso do comercio retalista o gasto subvencionable mínimo debe ser igual ou superior a 15.000 € por empresa e máximo de 100.000 € por empresa. De superar este máximo procederáse a axustalo a este límite máximo. No caso de empresas do sector da produción agraria e da



pesca o gasto subvencionable mínimo debe ser igual ou superior a 15.000 € e máximo de 25.000 € no caso de empresas do sector da produción agraria e 37.500 € no caso de empresas do sector da pesca. De superar este máximo procederase a axustalo a este límite máximo.

(...)).

